



**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

**Actividade** Convocatória sesión extraordinaria Pleno  
**Número expediente** PLN/2023/16

**PLN/2023/16.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE  
CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA DOUS  
DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Sendo as doce horas e trinta e tres minutos do dous de novembro do ano dous mil vinte e tres, en primeira convocatoria, reúnen-se aos efectos de celebrar a sesión extraordinaria urxente, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencias</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz, contando coa presenza da interventora, D<sup>a</sup> Ana Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

## **A) PARTE RESOLUTIVA**

### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DOS ASUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA.**

Inicia o exame deste punto da orde do día o Portavoz do grupo municipal PP para xustificar a urxencia de cada un dos puntos incluídos na orde do día, na medida que se tratan de expedientes vinculados ao periodo no que exerceu a responsabilidade de concelleiro delegado de Facenda.

Sinala que todos eles esixen de urxente tramitación:

- No caso da Conta Xeral para poder dar cumprimento ao mandado normativo.
- Respecto do acordo extraxudicial xa se deu conta en sesión previa da Xunta de Portavoces, da necesidade de chegar a un acordo con REGASIFICADORA DEL NOROESTE, SA antes do 17 de novembro de 2023 para os efectos de que non se reanude o procedemento ordinario 244/2021 aberto ante o Xulgado Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ferrol.
- Sobre a posible delegación da xestión recadatoria e tributaria na Deputación Provincial de A Coruña, urxe realizar o trámite.

<b>Primeira quenda</b>	
Portavoz PSdG-PSOE	Non considera urxente a inclusión do expediente relativo á





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	<p>aprobación da Conta Xeral na medida en que xa se incumpriron os prazos de tramitación e podería ser tratado na sesión ordinaria do Pleno.</p> <p>A proposta de acordo extraxudicial é a terceira vez que se somete por motivos de urxencia a Pleno.</p> <p>En canto á posible delegación é un expediente que leva moitos anos na mesma situación.</p>
Portavoz BNG	<p>Descoñece cál poda ser a urxencia salvo a existencia dun acordo co grupo municipal EU, sen que o seu grupo considere que se trata de expedientes ou asuntos propios dun pleno ordinario.</p>

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	En contra	En contra	A favor

En atención ao mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e concordante do ROM, o Pleno prestou aprobación á ratificación da urxencia dos asuntos incluídos na orde do día.

**2º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1252/2023. CONTA XERAL EXERCICIO 2022.-** Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde sinalando que se trata dun asunto xa ditaminado pola Comisión Especial de Contas e que se eleva á consideración do Pleno para cumprir co trámite.

<b>Primeira quenda</b>	
Portavoz PSdG-PSOE	<p>A conta reflicte o peor resultado da derradeira década pese ás críticas recibidas cando o goberno local estaba na oposición nas que chegaron a imputar un delito por pagar facturas fóra da lei.</p> <p>Se se examina o informe de intervención pódese verificar</p>





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

	<p>que se está a gastar máis do que se ingresa e implica unha falta de responsabilidade. A mesma que previamente criticaron.</p> <p>A elo une o descontrol no gasto en nalgúns áreas como Cultura que impide que se podan acometer outros gastos ou se paguen facturas. E o peor considera que é a pasividade do goberno para solventar a situación por canto as medidas a adoptar están pautadas no informe de intervención.</p>
Portavoz BNG	<p>O seu grupo vai a votar a favor da rendición das contas máis deixa constancia de que non implica unha conformidade coa xestión municipal por cando os datos da conta veñen a confirmar o que o seu grupo ven adiantando. Alude a que se ten incumplido o prazo de tramitación e que a situación (datos económicos) é peor que a que xa puxeron de manifesto cando tomaron posesión. Lembra que o seu grupo votou en contra da aprobación dos orzamentos do ano 2022 por que non eran reias e o tempo lles dá a razón. E relaciona de seguido unha serie de inversións contempladas no mesmo que non se levaron a cabo (mellora do parque de Beiramar, pabellón de O Cristo, espazos en San Vitorio e o Baño.....</p>

<b>Segunda quenda</b>	
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Adianta que o seu grupo se vai a abster. As contas reflicten case 1.3 millón de euros en negativo ao que se unirá a débeda que se pretende asumir con Reganosa. Non se están facendo labor ningunha regularizando contratos, hai problemas graves de dotación de RRHH como son os relativos á lectura dos contadores de auga ou xubilacións sen cubrir. Ata o propio goberno local reconece que non ten medios.</p>
Portavoz PP	<p>Espera que tras as intervencións realizadas voten a favor da proposta de delegación da xestión recadatoria e tributaria na Deputación Provincial. Considera que os grupos municipais omitiron datos esenciais como o incremento dos custes de enerxía eléctrica, 500.000,00</p>





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	euros que se deixan de ingresar todos os anos de Reganosa, custes de persoal etc. E en canto á dotación de medios humanos lembra cómo funciona a taxa de reposición de efectivos. A elo suma o feito de que os impostos municipais están conxelados dende fai anos ou os desfases de liquidez que provoca o cobro dalgunhas subvencións como as do obradoiro de emprego. Respecto ás inversións non executadas, cita a licitación do proxecto da biblioteca que se declarou deserto ate en dúas ocasións, Beiramar está pendente de cambiar o convenio existente por decisión de secretaría ou no caso da EIM As Lagoas foi o contratista o que incumpliu o contrato. En canto á regularización de contratos alude ao contrato de xestión mixta do SAF ao igual que o contrato de parques e xardíns. E remata a súa intervención indicando que na pasada lexislatura licitaron 35 contratos, o que non fixo ningún concello da comarca.
--	---

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	Abstención	Abstención

En atención ao mesmo, o Pleno en uso das facultades previstas no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Aprobar a **CONTA XERAL** desta Entidade, correspondente ao **exercicio 2022**, nos propios termos en que aparece rendida, e co seguinte resumo nas principais magnitudes patrimoniais e económico-financeiras:

<b>Balance de situación a 31.12.2022: Total Activo= Pasivo e Patrimonio Neto</b>	<b>24.504.754,86 €</b>
Conta do Resultado Económico-patrimonial: Desaforro	-1.429.519,32 €
Estado de cambios patrimonio neto.Patrimonio a 31.12.2022	22.102.264,23 €
<b>Resultado Orzamentario axustado</b>	<b>174.806,40 €</b>





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Inmovilizado material: Saldo Final a 31.12.2022	21.788.269,77 €
Tesourería: Saldo Final a 31.12.2022	791.973,50 €
<b>Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais</b>	<b>113.183,43 €</b>
<b>Acredores por operacións devengadas</b>	624.250,19 €

**Segundo.-** Que o expediente da Conta Xeral se expoña ao público, en unión dos seus xustificantes e do ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, polo prazo de quince días hábiles, previa publicación do correspondente anuncio no B.O.P., a fin de que poida ser examinado durante dito prazo e formularse polos interesados as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes durante o mesmo, conforme ao disposto no artigo 212.3 do TRLRF.

**Terceiro.-** Que unha vez rematado o prazo de información pública e o sinalado para formular reclamacións, reparos e observacións, sométase dita Conta Xeral á aprobación do Pleno da Corporación en unión das reclamacións, reparos e observacións debidamente informadas por la Comisión Informativa de Contas e Facenda, si se presentaran.

**Cuarto.-** Que, previa aprobación da mesma polo Pleno da Corporación, o expediente da Conta Xeral se renda ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do TRLRF.

**3º.- EXPEDIENTE 261/2022. EXPEDIENTE 261/2022. RECLAMACIÓN LIQUIDACIÓN IAE REGASIFICADORA DEL NOROESTE, SA.- PROPOSTA DE ACORDO EXTRAJUDICIAL PO 244/2021 ABERTO ANTE O XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE FERROL.-** Expediente sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión extraordinaria urxente de datas 30 de outubro de 2023 e 2 de novembro de 2023.

Primeira quenda	
Portavoz PP	Proposta de acordo que conta con ditame favorable tras a emenda parcial introducida polo grupo municipal EU.
Portavoz EU	Hai que dar unha solución ao problema e por tal motivo fixeron unha proposta para desbloquear o expediente coa condición de que a rehabilitación do cine Zárate se adique a biblioteca pública municipal partindo da Memoria que xa está informada por Patrimonio e se proceda á licitación do proxecto no primeiro semestre do ano 2024.
Portavoz PSdG-PSOE	Lembra os antecedentes do expediente e as consecuencias





**Concello de Mugarodos**  
(A Coruña)

	<p>que a reclamación presentada por Reganosa trouxo consigo nunha diminución dos ingresos municipais en 500.000,00 euros. Considera que a o acordo a adoptar inclúe cuestións de non obedecen á natureza propia dun convenio tributario de dubidosa legalidade que comprometerán a acción pública municipal durante 20 anos e cunha empresa da que se descoñece cal será a súa vida útil. Polo que considera que o obxecto do convenio tería que ser saldar a débeda a cero.</p> <p>E esa é a súa proposta de forma que se poda solventar todo neste mandato, de forma que calquera inversión figure noutro convenio. As súas proposta se compartiron cos restantes grupos e estima que se trata dunha cuestión eminentemente política e non técnica.</p> <p>O que se presenta é un convenio dado pola Xunta, Partido Popular ou Reganosa que non admite cambios salvo o destino salvo que se adique a biblioteca por emenda dun grupo pese ao seu anterior voto en contra.</p> <p>E remata a súa intervención adiantando o voto en contra do seu grupo por non haberse acollido a súas propostas.</p>
<p>Evaristo Deus Deus Grupo BNG</p>	<p>Traslada que ao seu grupo gustaríalle estar a discutir inversións de Reganosa e non estar a tratar temas tan escabrosos por unha actividade que non xenerou no concello impactos positivos a diferenza do que acontece noutros concellos, do que extrae en consecuencia que algo de responsabilidade terá no resultado final o goberno municipal.</p> <p>Reganosa ten unha participación do 30% da Xunta de Galicia e tamén de Gadisa que recibe aportacións da Xunta de Galicia.</p> <p>Considera que ao mellor non se tería que acatar este acordo no caso de que a AEAT asumise a súa posible responsabilidade patrimonial.</p> <p>A Xunta de Galicia sempre asumiu que Mugarodos fose un dano colateral, sumándose ate as últimas consecuencias para que se cobre a presunta débeda. Cando o BNG presentou no Parlamento unha proposición para instar á</p>





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

	<p>AXE que se fixese un cambio de epígrafe, o seu grupo votou en contra.</p> <p>A Xunta de Galicia non se preocupou se buscar solución ningunha preferindo que se acudise á vía xudicial.</p> <p>Dirixe unha crítica ao goberno municipal por que non exploraron todas as alternativas e avoca á sinatura dun acordo que intepreta dunha maneira torticera unha cuestión tributaria cun mecenazgo, e con ameazas veladas por parte dos asesores privados do goberno municipal.</p> <p>Reganosa solo busca o seu interese. Pregunta que vai a facer o goberno local cando teña que preguntar por un cambio do epígrafe tras a venta a ENAGAS.</p> <p>Espera que nos orzamentos do ano 2024 o PP se sume ás emendas do BNG para Mugardos (no Parlamento de Galicia)</p>
Portavoz PP	<p>Existe un informe da Deputación Provincial de A Coruña no que se indica que non existe prexuízos para a facenda pública municipal.</p> <p>No informe posterior, secretaria indicou que os compromisos terían que se sustentables financieramente, sumándose as consideracións realizadas dende a Deputación. Tamén hai un informe da intervención e tesourería municipal que indican que é a solución menos gravosa.</p> <p>Faise unha proposta e cun ditame privado elévase a Pleno sen acadar a maioría suficiente. Agora hai que adoptar un acordo pola finalización do trámite antes de que transcorran dous anos da suspensión xudicial.</p> <p>Na Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica se presentaron tres propostas pese a que en Xunta de Portavoces do mes de setembro o Alcalde pedía alternativas sen que se achegasen á marxe da formulada por EU. Tal como se indicou na sesión extraordinaria urxente da mesma Comisión realizada no día da data, o seu grupo non conta con maioría absoluta polo que deben ser flexibles, contando co apoio da militancia.</p>







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

<b>Segunda quenda</b>	
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Non foi unha ameaza velada se non expresa. O seu grupo sempre quisu chegar a un acordo e mostra delo é a moción que elevaron a Pleno ou as preguntas que formularon por escrito. Todas as propostas do goberno se traen por urxencia para que non exista tempo suficiente. Reitera que a doazón non pode vir incluído dentro dun convenio e considera que mezclar débeda con doazón parece unha chataxe. Durante este tempo o PP estivo esperando para lograr un apoio sen tocar o acordo. Espera que en algún momento se explique por qué o grupo EU presta o seu apoio. E remata a súa intervención reiterando cal vai a ser o importe real da inversión a realizar o Reganosa (de xeito aproximado menos de 300.000,00 euros resultantes do importe da débeda reclamada e a cantidade a doar).</p>
Evaristo Deus Deus Grupo BNG	<p>Os informes que obran no expediente se asocian a un acordo. E poderían referirse a outro acordo que permitise saldar a débeda a cero por razóns de responsabilidade social corporativa de Reganosa e seguro tamén o considerarían pouco gravoso para o concello. E se despois se pode chegar a un mecenazgo, ben para o concello.</p> <p>O que está cuestionando é a labor efectuada polo goberno municipal. Quere lembrar cantos gastos inútiles se realizaron polo goberno local como a auditoría de 20.000 euros que puxo en evidencia o Consello de Contas. Ou a adquisición dos terreos para ubicar a biblioteca municipal.</p> <p>Remata a súa intervención indicando que non lle parece un acordo apropiado que utiliza a doazón como unha chantaxe e que comprometerá os intereses e decisións futuras do concello.</p>
Portavoz PP	<p>Respecto da intervención do grupo PSdG-PSOE.A convocatoria do mes de outubro de 2022 foi ordinaria. Lembra os antecedentes do acordo nos que dito grupo no despacho da Alcaldía manifestou o seu parecer conforme se se cambiaba propoñer por colaborar.</p> <p>En canto á información, realizouse unha reunión con todos</p>





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	<p>os grupos sen que tras ela se demandase ou solicitase nada máis.</p> <p>Sobre a intervención realizada polo BNG procede a dar lectura á Resolución de Alcaldía 285/2010. Con elo quere deixar claro que quen impugnou a asignación inicial do epígrafe de Reganosa foi o concello para incrementar os ingresos municipais. Comprometéndose a dar traslado de dita Resolución na Comisión Informativa correspondente.</p>
--	---

Primeira quenda	
Portavoz PSdG-PSOE	Aclara que o único que dixeron é que a proposta de acordo non debería incluír a rehabilitación. As sesións das Comisións Informativas non son públicas nin se deben sacar á luz. Tampouco comprende outro tipo de declaracións sobre o mandato anterior.
Evaristo Deus Deus Grupo BNG	<p>Reganosa iba a tributar ao principio a nivel estatal e non local. E na inspección que a AEAT levou a cabo da actividade indicou cál era o epígrafe que lle correspondía. Se estaba a velar polos intereses de Mugardos. E seguro que nesa época os informes eran favorables e seguro era a solución menos gravosa.</p> <p>Pecha a súa intervención sinalando que o goberno municipal non xestionou ben este problema.</p>

Toma a palabra o Alcalde. Considera que a AEAT actuou en función dunha petición de Mugardos buscada de boa fe máis os feitos indican que non se tratou dunha boa solución.

Finalizado o debate e sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	En contra	En contra	A favor

En atención ao resultado da votación, conforme ao establecido no artigo 22 e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:





**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

**Primeiro.-** Aprobar o acordo/convenio que recolle os compromisos alcanzados entre as partes para a adecuada e completa execución dos efectos que se derivan da resolución do TEAC de 28 de marzo de 2019, no que se refire á tributación por Reganosa respecto do IAE dos exercicios 2010 a 2021, ambos incluídos, así como nos exercicios sucesivos e mediante a súa sinatura se poñería fin ao recurso número 244/2021 sustanciado perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol mediante a satisfacción extraprocesal das pretensións plantexadas en dito recurso, e en consecuencia ambas partes renunciarían a calquera acción administrativa ou xudicial en relación aos conceptos indicados ante calquera administración ou xurisdición, de acordo co seguinte texto:

ACUERDO ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS Y REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A.

En Mugarbos, a \_\_ de \_\_\_\_ de 2023.

D. \_\_\_\_\_, Alcalde del Ayuntamiento de Mugarbos, actuando en nombre y representación del Ayuntamiento de Mugarbos (en lo sucesivo, el “Ayuntamiento”).

D. \_\_\_\_\_, que interviene en nombre y representación de REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A, con domicilio social en Mugarbos (A Coruña), inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña, Tomo 1484, Folio 159, Sección General, Hoja C-5225 y con NIF A15685324 (en adelante, “Reganosa”).

Los reunidos, en las representaciones que ostentan, se consideran recíprocamente con capacidad suficiente para suscribir el presente ACUERDO (el “Acuerdo”), en relación con la gestión del Impuesto sobre Actividades Económicas liquidado por el Ayuntamiento a REGANOSA en los ejercicios 2010 a 2021.

En lo sucesivo, el Ayuntamiento y Reganosa serán denominados, conjuntamente, las “Partes”.

**EXPONEN**

Primero.- Reganosa es una entidad comprometida con su entorno y con el Ayuntamiento de Mugarbos, que viene colaborando con numerosas entidades radicadas en el municipio para desarrollar proyectos en el ámbito de la educación, la cultura y el deporte, y con el propio Ayuntamiento, con el que se han suscrito diversos convenios de colaboración para distintos fines de interés general para los ciudadanos, entre los que destaca el dirigido a la puesta en valor de los restos arqueológicos del yacimiento de Caldoval, con la construcción de un museo y centro de interpretación, que han supuesto para la empresa desembolsos económicos relevantes.

Segundo.- Junto con otros impuestos de ámbito local (IBIs, ICIOs), Reganosa ha venido abonando puntualmente al Ayuntamiento de Mugarbos, desde el año 2010 y en los sucesivos, los recibos del IAE que se le han girado por la actividad económica realizada.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Tercero.- Los recibos correspondientes a los años 2010 a 2021, ambos inclusive, fueron calculados por el Ayuntamiento en aplicación del epígrafe 152 de las Tarifas del IAE, en el que fue clasificada la empresa tras unas actuaciones de comprobación realizadas en el año 2010 por los órganos de inspección de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria.

Cuarto.- Como consecuencia de los recursos presentados por Reganosa ante los tribunales económicos competentes, el Tribunal Económico-Administrativo Central dictó una resolución en fecha 28 de marzo de 2019, en la que reconoce que el epígrafe en el que debe clasificarse la actividad realizada por la empresa es el 123.2, del que resulta una cuota anual a abonar inferior a la pagada.

Quinto.- La Agencia Tributaria ha emitido un escrito el 28 de octubre de 2021 en el que se acuerda “Grabar en la base de datos de la AEAT el ALTA (...) por el epígrafe 123.2 IAE (...), y consignando como fecha de inicio el 01/01/2010” y “Comunicar este acuerdo a la DIPUTACIÓN de A CORUÑA y LUGO, así como a los Municipios de AS PONTES y MUGARDOS, para que tengan conocimiento del mismo a los efectos oportunos, y al objeto de tramitar las liquidaciones correspondientes a las ALTAS comunicadas por el epígrafe 123.2 del IAE, y exigir, en su caso, los intereses de demora que pudiesen corresponder”.

Sexto.- A fecha de este Acuerdo el Ayuntamiento de As Pontes ha girado a Reganosa las liquidaciones del Impuesto de Actividades Económicas de los ejercicios 2010 a 2021 en aplicación del epígrafe 123.2.

Séptimo.- Como resultado de las resoluciones anteriores, Reganosa ha solicitado la devolución de las cantidades ingresadas ante el Ayuntamiento por el epígrafe que ha sido declarado improcedente por la Resolución del TEAC de 28 de marzo de 2019.

Octavo.- Asimismo, los importes sobre los que se solicita la devolución podrían acrecentarse con el devengo de unos intereses de demora a favor de Reganosa.

Noveno.- Reganosa es una sociedad comprometida con el desarrollo industrial del Ayuntamiento de Mugardos, por lo que acometerá obras de desarrollo de su terminal con el objetivo de incrementar su actividad, mejorar la eficiencia de sus procesos y favorecer una transición energética justa. Asimismo, Reganosa está interesada en que este desarrollo industrial redunde en el mantenimiento y mejora de los servicios sociales del Ayuntamiento y en la calidad de vida de sus ciudadanos.

Décimo.- Por su parte, el Ayuntamiento de Mugardos está interesado en el desarrollo de proyectos industriales que redunden en la generación y en el mantenimiento del empleo en el Ayuntamiento, así como en garantizar unos servicios de calidad.

Undécimo.- Es interés de ambas partes poner fin al recurso que actualmente se sustancia ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ferrol, con número 244/2021, respecto a la devolución de las cantidades mencionadas, así como colaborar mutuamente en una ordenada ejecución de los efectos de las resoluciones previamente indicadas, sin que ello menoscabe la capacidad del Ayuntamiento para atender sus compromisos ordinarios con los ciudadanos.

## CLÁUSULAS





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

## I. OBJETO DEL ACUERDO

El objeto del presente Acuerdo es recoger los compromisos alcanzados entre las partes para la adecuada y completa ejecución de los efectos que se derivan de la resolución del TEAC de 28 de marzo de 2019, en lo que se refiere a la tributación por Reganosa respecto del IAE de los ejercicios 2010 a 2021, ambos incluidos, así como en los ejercicios sucesivos, poniendo fin al recurso número 244/2021 sustanciado ante el Juzgado Contencioso-Administrativo de Ferrol mediante la satisfacción extraprocésal de las pretensiones planteadas en dicho recurso.

## II. COMPROMISOS QUE SE ASUMEN

### II.1. Por parte del Ayuntamiento de Mugardos:

II.1.a. Regularizar la situación de las liquidaciones de los ejercicios 2010 a 2021, ambos incluidos, en virtud de la modificación realizada en el epígrafe del IAE en el que debe tributar Reganosa, siendo éste el 123.2, realizada al amparo de la resolución del TEAC y de la resolución de la Agencia Tributaria de fecha 28 de octubre de 2021.

De lo anterior resulta un importe a devolver a favor de Reganosa de 4.617.403,57 euros de principal, de los cuales 4.332.378,70 euros corresponden a la cuota municipal y 285.024,87 euros al recargo provincial a favor de la Diputación de A Coruña, y de 1.561.200,40 euros de intereses de demora, calculados a 2 de noviembre de 2023 y sin perjuicio de los que se devenguen legalmente hasta la efectiva ejecución del presente acuerdo, de los cuales 1.464.830,02 euros corresponden a intereses devengados por la cuota municipal y 96.370,38 euros a intereses devengados por el recargo provincial.

Por su parte, el importe de las nuevas liquidaciones a girar por el epígrafe 123.2 suman para el período 2010-2021 un total de 303.717,24 euros, de los cuales 284.969,28 euros corresponden a la cuota municipal y 18.747,96 euros al recargo provincial a favor de la Diputación de A Coruña.

El origen y detalle de las cantidades indicadas se recogen en el cuadro resumen que se adjunta como Anexo I, que las partes han revisado y dan por válido.

Una vez se compense por el Ayuntamiento el importe de las nuevas liquidaciones a girar con el saldo a favor de Reganosa antes indicado, resulta un importe a favor de esta última de 4.313.686,33 euros. A su vez, una vez descontado de este saldo las donaciones que se realizan por Reganosa indicadas en el punto II.2.a) del presente documento, resulta una cantidad a favor de la empresa de 786.088,35 euros (318.809,88 euros correspondientes al ejercicio 2018 y 467.278,47 euros correspondientes al ejercicio 2019), que será objeto de compensación previa aprobación de las liquidaciones de IAE a practicar en los ejercicios 2022 y siguientes por el Ayuntamiento.

Esta compensación será objeto de solicitud expresa por parte de la empresa en cada ejercicio, a partir del ejercicio 2022. Tras la tramitación de la solicitud en cada ejercicio se procederá a la firma del correspondiente convenio regulador de la compensación, siguiendo los trámites legales oportunos.

II.1.b. Devolver, de forma simultánea a la firma del Acuerdo, el aval presentado por Reganosa en garantía de la liquidación del IAE del ejercicio 2020.





**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

II.1.c. Expedir certificación acreditativa de las donaciones recibidas según se indica en los puntos II.2.a) y b) siguientes, en los términos previstos en el artículo 24 de la Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo.

II.1.d Con las operaciones indicadas ambas partes consideran totalmente extinguidos los créditos y débitos recíprocos que resultan de la gestión del impuesto de actividades económicas de los ejercicios 2010 a 2021, ambos inclusive, salvo la cantidad indicada anteriormente a favor de la empresa de 786.088,35 euros.

II.1.e. Promover el desarrollo industrial de Reganosa, al ser de interés público para el Ayuntamiento que la empresa siga invirtiendo, generando valor para el municipio y la comarca y ganando competitividad.

II.2. Por parte de Reganosa:

II.2.a. Donar, de forma pura y simple y con carácter irrevocable, en favor del Ayuntamiento de Mugarbos, el derecho de crédito nacido a favor de Reganosa, por importe de 3.527.597,98 euros, así como la totalidad de los intereses de demora correspondientes a la devolución indicada en el punto II.1.a) anterior por importe de 1.561.200,40 euros, incluidos los que se puedan devengar hasta la efectiva ejecución del presente acuerdo.

Donar, asimismo, previa liquidación y reconocimiento por parte del Ayuntamiento, los intereses que se devenguen por el saldo previsto en el punto II.1.a) anterior, hasta la completa extinción de dicho saldo.

Estas donaciones se realizarán de acuerdo con la normativa vigente y los procedimientos legalmente establecidos.

II.2.b. Donar, de forma pura y simple y con carácter irrevocable al Ayuntamiento un importe total de 1.000.000 euros para el desarrollo del proyecto de rehabilitación del cine Zárate con destino a biblioteca municipal. La donación de las cantidades se realizará a medida que se incurra por el Ayuntamiento en los gastos vinculados a dicho proyecto acogiendo los costes de redacción de anteproyecto en su caso y proyecto, ejecución y dirección de obras (facultativa, de ejecución y coordinación de seguridad y salud) y de equipamiento y previa justificación documental de los mismos. Los fondos se liberarán por la empresa en el plazo máximo de los 15 días hábiles siguientes a la debida justificación documental, hasta agotar el límite máximo de la cantidad total indicada.

II.3. Por ambas partes:

II.3.a. Una vez firmado el presente Acuerdo, ambas partes se comprometen a realizar todas las actuaciones procesales necesarias para poner fin al recurso ya citado que se sustancia ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ferrol respecto de la devolución del IAE de los ejercicios 2010 a 2019 y la anulación de la liquidación del ejercicio 2020 y 2021, al haberse alcanzado una satisfacción extraprocesal de las pretensiones planteadas por la empresa en dicho recurso.

II.3.b. Las partes acuerdan que cualquier comunicación pública que se realice de este Acuerdo se efectúe de manera conjunta y consensuada. Asimismo, se comprometen a





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

colaborar para que la comunicación del Acuerdo repercuta y redunde de manera positiva en la imagen de ambas partes.

### III. CONSIDERACIONES FINALES

III.1. El presente convenio se refiere a la totalidad de los conceptos liquidados por IAE relativos al período 2010-2021 (cuota municipal y recargo provincial e intereses de demora), ambos incluidos, y, en consecuencia, ambas partes renuncian a cualquier acción administrativa o judicial en relación con los conceptos indicados ante cualquier administración o jurisdicción.

III.2. El presente convenio fue aprobado por el Pleno de la Corporación de Mugardos en sesión celebrada el.....

Y en prueba de conformidad firman el presente Acuerdo por duplicado en el lugar y fecha expresados al principio, del que se trasladará copia a la Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

\_\_\_\_\_  
Alcalde  
...”

\_\_\_\_\_  
Reganosa

### ANEXO I ( Recalculado a 02/11/2023)

Mugardos								Intereses Ep. 152		
Exercicio	Epígrafe 152	Mugardos	Diputación	Epígrafe 123.2	Mugardos	Diputación	Var 152vs123.2	TOTAL	Mugardos	Diputación
2010	460.355,83	431.938,81	28.417,02	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,85	250.941,22	235.451,03	15.490,20
2011	460.355,83	431.938,81	28.417,02	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,85	229.941,43	215.747,52	14.193,91
2012	460.355,82	431.938,80	28.417,02	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,84	205.717,18	193.018,59	12.698,59
2013	460.355,83	431.938,81	28.417,02	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,85	184.347,28	172.967,83	11.379,46
2014	460.355,83	431.938,80	28.417,03	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,85	162.527,68	152.495,11	10.032,57
2015	460.355,83	431.938,81	28.417,02	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,85	138.398,41	129.855,30	8.543,11
2016	460.355,83	431.938,81	28.417,02	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,85	121.617,34	114.110,10	7.507,24
2017	460.355,83	431.938,81	28.417,02	25.214,98	23.658,50	1.556,48	435.140,85	105.826,66	99.294,15	6.532,51
2018	467.278,47	438.434,12	28.844,35	25.214,98	23.658,50	1.556,48	442.063,49	89.511,03	83.985,66	5.525,37
2019	467.278,47	438.434,12	28.844,35	25.594,14	24.014,26	1.579,88	441.684,33	72.372,15	67.904,74	4.467,42
2020	-	-	-	25.594,14	24.014,26	1.579,88	(25.594,14)	-	-	-
2021	-	-	-	25.594,14	24.014,26	1.579,88	(25.594,14)	-	-	-
	<b>4.617.403,57</b>	<b>4.332.378,70</b>	<b>285.024,87</b>	<b>303.717,24</b>	<b>284.969,28</b>	<b>18.747,96</b>	<b>4.313.686,33</b>	<b>1.561.200,40</b>	<b>1.464.830,02</b>	<b>96.370,38</b>

	Principal	Intereses	Total
<b>Donación propuesta</b>	<b>3.527.597,98</b>	<b>1.561.200,40</b>	<b>5.088.798,38</b>





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Importe a compensar IAEs futuros	786.088,35
----------------------------------	------------

**Segundo.-** Facultar ao Alcalde para a sinatura do mesmo.

**Terceiro.-** Facultar á Concelleira Delegada de Facenda e Promoción Económica para que dicte as resolucións oportunas para executar os compromisos adquiridos no presente convenio.

**Cuarto.-** Trasladar copia do convenio e do presente acordo a Excmá Deputación Provincial de A Coruña.

**Quinto.-** Notificar o a adopción do presente acordo á mercantil Regasificadora del Noroeste S.A.

**Sexto.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

**Sétimo.-** Unha vez sexan efectivos os compromisos que ambas partes, Concello de Mugardos e REGASIFICADORA DEL NOREOESTE, SA., asumen a través do acordo a subscribir, o Concello deberá proceder á tramitación e licitación do contrato administrativo de servizos de redacción de proxecto de rehabilitación do denominado “cine Zárate” con destino a biblioteca pública municipal segundo a cláusula II.2.b), no primeiro semestre do exercizo 2024 tendo en conta a Memoria de usos previamente informada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**4º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1769/2023. COLABORACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN RECADATORIA NA DEPUTACIÓN PROVINCIA DEL A CORUÑA.** Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión ordinaria realizada con data 26 de outubro de 2023:

Primeira quenda	
Portavoz PP	Presenta as liñas fundamentais do expediente e a proposta.
Portavoz PSdG-PSOE	Trátase dun expediente que provén da lexislatura pasada. Agora cunha nova proposta da concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica. Repasa todos os seus puntos e indica que non pode estar máis de acordo e que en resume se trata de evitar o desfase de liquidez. O seu grupo realizou para que fose posible a delegación distintas propostas:







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

	<ul style="list-style-type: none"><li>- Contar cos medios técnicos e humanos (lecturas de contadores, servizo de inspección...) como no resto de concellos.</li><li>- Actualizar as ordenanzas fiscais.</li><li>- Elaborar unha ordenanza fiscal pola ocupación dos espazos públicos.</li><li>- Dispoñer dun espazo físico no concello para que se poda atender á veciñanza.</li><li>- Calendario fiscal.</li></ul> <p>E fronte a estas medidas o concello non fixo nada.</p>
<p>Evaristo Deus DEus Grupo BNG</p>	<p>Non van a reiterar os argumentos xa aducidos polo PSdG-PSOE aínda que están de acordo e van a incidir na falta de liquidez. A oficina municipal ven funcionando con este sistema dende fai 35 anos. Non vai a discutir que na actualidade cos medios necesarios a economía de escala da Deputación é a óptima pero tamén existen fallas no sistema:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Non se dispón dun plan de recadación anual.</li><li>- Falta de reposición de medios humanos en intervención tras xubilación.</li><li>- Actualización das taxas municipais.</li><li>- Prexuízos para a poboación moi envellecida cando se teñan que desprazar por algún problema a Ferrol para solventalo.</li><li>- Subrogación do persoal tras máis de 30 anos.</li></ul> <p>Se se chega a adoptar o acordo quere por de manifesto que tamén existirán problemas por que existen cuestións pendentes como son os padróns tributarios.</p> <p>Considera que no fondo se trata dun problema de liquidez que cando se supere, seguirán a pervivir outros de RRHH como acontece co SAF.</p>
<p>Portavoz PP</p>	.
<p><b>Segunda quenda</b></p>	
<p>Dolores González Grupo EU</p>	<p>Adianta que o seu grupo vai a votar en contra.</p>





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Portavoz PSdG-PSOE	Descoñece por qué se trae o expediente a Pleno pese a saber que non contarán coa maioría necesaria. Como indicou o BNG a Deputación non vai solventar os problemas que existen e non era nin urxente nin necesario.
Portavoz BNG	O futuro é levar a xestión á Deputación sen que elo implique que non defendan a xestión pública. O problema é como facelo e non os problemas de transición. E mentras non exista un plan non van a apoiar a delegación.
Portavoz PP	<p>En comparativa con outros concellos da mesma franxa de poboación, son os únicos que non teñen efectuado a delegación. Aquí non hai medios e os recursos son os que son e os funcionarios teñen o horario que teñen.</p> <p>A asistencia á veciñanza levarase a cabo por Tesourería e a remisión de documentación pode realizarse de xeito telemático. En canto á dotación de medios volve novamente a referirse á taxa de reposición de efectivos.</p> <p>A última vez que se elevou o expediente a Pleno retirouse o apoio o último día e agora queren que o asunto se vote. Toman nota e cando se emenden as deficiencias que advertiron, traerán novamente o asunto a Pleno e se saberá se non cambian as posturas.</p>

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	En contra	En contra	En contra

En atención ao mesmo, non acadándose a maioría requirida polo artigo 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Pleno rexeitou a proposta.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non se contempla

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Non se contempla

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e trinta e nove minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

